

A/A: CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Estimado Conselleiro,

Agradézolle as súas verbas, e desexo que tanto vostede coma a súa familia se encontren en bo estado de saúde.

Desde a Federación de Servizos de CCOO de Galicia, queremos insistir sobre a necesidade da derogación da resolución sobre liberdade de horarios de establecementos de primeira necesidade, recollida no DOG núm. 51 do 15 de marzo de 2020.

Insistimos en que o acceso aos bens imprescindibles xa está garantido polo RD no que o Goberno declarou o estado de alarma, ademais da garantía expresada en múltiples comunicados por parte das grandes distribuidoras de alimentación, que indican que o abastecemento de todos os supermercados e hipermercados desta comunidade autónoma, ademais dos do resto do país, está garantido.

A maioría das empresas do sector tomaron a decisión de reducir o seu horario comercial, co fin de poder atender tanto a reposición de mercadoría, como a desinfección dos centros, e así preservar as garantías de saúde do persoal e dos propios clientes, cuestión prioritaria nestes momentos, polo que non entendemos que insistan en manter unha norma que polo momento só facilitou que un só establecemento abra os domingos, como é o caso de El Corte Inglés, alentando a xente a que vaian tamén os domingos a facer compra, cando o importante é que prevaleza a mensaxe á cidadanía de quedar na casa.

Esta norma promove a competencia desleal entre formatos comerciais, no peor momento para moitas empresas que xa se encontran en situacions económicas moi delicadas. Non é o momento de facer negocio, e moito menos de esmagar ao pequeno comercio.

Insistimos, só El Corte Inglés abre máis horas, unha norma que só beneficia a una empresa non e xusta nin racional.

Na súa carta menciona a declaración de non hábil o día 10 de abril (venres santo) para a práctica comercial co fin de que o cadro de persoal poida descansar. A xa mencionada empresa, El Corte Inglés, traballou ese día a porta pechada, ese persoal non ten nin terá dereito a ese descanso. Unha vez máis é a única empresa que fai negocio.

Entendemos ademais, que non hai perigo xa de grandes afluencias de clientes como ocorreu os primeiros días posteriores a declaración do estado de alarma, cando ademais outras marcas xa empezan a recuperar os seus horarios orixinais.

Por todo isto, solicitamos da Xunta de Galicia a derogación inmediata da medida adoptada respecto da Liberdade de horarios de establecementos de primeira necesidade.

«Todos os establecementos comerciais de primeira necesidade exceptuados da suspensión no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo e neste acordo, e que, por tanto, poden continuar abertos, terán liberdade horaria para fixaren sen limitacións os horarios dos seus establecementos comerciais».

A Coruña, a 20 de abril de 2020.

Asdo.: Lucía Trenor López
Secretaria Xeral
CCOO de Servizos-Galicia